

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 14 de agosto de 2023, pola que se resolve o concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Persoal e Réxime Interior

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 6 de xuño de 2023 convocouse concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Vista a proposta de resolución efectuada pola comisión de méritos con data de 11 de agosto e 2023, de conformidade co disposto no artigo 3.9 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 22 de marzo de 2021, polo que se aproban as normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia, resolvo:

Primeiro. Facer pública a relación dos postos adxudicados aos funcionarios que se detallan no anexo, así como a relación dos postos liberados.

Segundo. Os prazos para efectos de cesamentos e tomas de posesión serán os establecidos na base sétima do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 22 de marzo de 2021 polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases do concurso para a provisión de postos de traballo no Servizo de Asistencia Parlamentaria, e empezarán a computarse a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución.

Terceiro. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Cuarto. Comunicarlle esta resolución ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para a súa execución.

Quinto. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer demanda, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ante o Xulgado do Social de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido no artigo 10.4.a) en relación co artigo 6.2.d) da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, e no artigo 69 da mencionada lei, na redacción dada pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

ANEXO

Relación de postos adxudicados:

Nº posto	Descrición do posto	Retribucións	Adxudicatario	NIF
AP72	Auxiliar técnico de mantemento	36.749,30 €	Lariño Díaz, Felipe Julián	***5293**



Relación de postos liberados:

Nº posto	Descrición do posto	Retribucións
AP71	Auxiliar técnico de mantemento	29.981,00 €

